FESTIVAL
mar de mares

A CORUÑA
15-18
SETEMBRO

a Onda

EXPOSICIÓNS · GASTRONOMÍA · ENCONTROS INSPIRADORES
MERCADO E FESTA DO MAR · ECOTURISMO · MÚSICA · ACTIVISMO

ACTIVIDADES ATA O 16 DE OUTUBRO



FESTIVALMARDEMARES.ORG

DÉCADA DOS OCÉANOS
2021 2030 Década das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas.

COLABORAN

Ayuntamiento de A Coruña · Concello da Coruña
Deputación DA CORUÑA
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21·22
A Coruña SEMPRE ABERTA

ORGANIZA

Estrella Galicia
CABREIROÁ
Vegalsa
CÁTEDRA UDC emalcsa
SIGNUS
ecovidrio
//ABANCA
REDES DE SAL

FESTIVAL mar de mares

O mar é o mellor escenario das grandes xestas da nosa historia. Coidar os mares é toda unha aventura. Súmate á acción e ven celebrar, bailar, empaparte e comprometerte co mar na Coruña, a cidade-barco.

INSCRÍBETE EN:

festivalmardemares.org

para as actividades que o precisen e infórmate polo miudo sobre o programa do festival.

SÁBADO 10 SET.

De 10:00 a 12:00

VISITA INTERMAREAL EN FAMILIA. NA BUSCA DO TESOURO

Coa marea baixa, descubriremos a vida secreta da praia cos expertos do Centro Oceanográfico da Coruña, ao tempo que axudamos a manter a praia limpa.

As Xubias - Xubias de Arriba, 15, fronte ao CEE María Mariño.
Todos os públicos
Gratuíta, logo de inscribirse

De 11:00 a 13:00 e de 18:00 a 20:00

REMONTANDO MONELOS

Redescubrimos o río da Coruña por excelencia, o Monelos, nun percorrido dramatizado, partindo do mar, polo tramo final do seu curso.

Centro de Saúde Casa do Mar, Ramón y Cajal, 2
Todos os públicos
Gratuíta, logo de inscribirse

DOMINGO 11 SET.

De 11:00 a 12:30

LIMPAR O MAR DESDE AS ALTURAS. ACCIÓN EN PUNTA HERMINIA

É un dos coídos da Coruña de máis difícil acceso. Os escaladores da Sociedad de Montaña Ártabros, coa colaboración de varias persoas voluntarias, recollerán os residuos depositados nesta zona.

Punta Herminia
Todos os públicos
Gratuíta, logo de inscribirse

XOVES 15 SET.

De 6 a 9 h da mañá

GASTRONOMÍA, O CRU E O COCIDO. VISITA Á LONXA

Ven coñecer os segredos da poxa de peixe que chega ao porto da Coruña a diario e goza despois dun almorzo mariñeiro da man do cociñeiro Iván Domínguez.

Lonxa da Coruña
Todos os públicos
Gratuíta, logo de inscribirse

De 18:00 a 19:00

ESCONDIDOS E ESQUECIDOS. RECUPERANDO OS RÍOS URBANOS

Representantes de entidades que traballan pola recuperación das canles fluviais do Monelos (A Coruña), o Maior (Sada) e o Gafos (Pontevedra) falarannos do valor patrimonial, histórico, cultural, social e natural que levan consigo as augas dos ríos.

Fundación Paideia
Todos os públicos
Gratuíta, ata completar capacidade

De 19:30 a 20:30

O FUTURO DA ENERXÍA. ENCONTRO INSPIRADOR CON ANTONIO TURIEL

Divulgador científico, matemático e físico do CSIC, Turiel avoga por un decrecemento e un cambio de modelo económico para evitar unha crise alimentaria e enerxética.

Fundación Paideia
Todos os públicos
Gratuíta, ata completar capacidade

VENRES 16 SET.



De 19:00 a 20:30

GALICIA, PIONEIRA NA DEFENSA DO OCEÁNO

40 anos despois da acción do Xurelo contra o lixo nuclear no mar, 30 do Mar Exeo e 20 do Prestige, reunimos e homenaxeamos a cinco heroes da defensa do mar: Manuel Rivas, Xosé Castro, Gonzalo Vázquez Pozo, Roxelio Pérez e Carlos Vales.

Fundación Paideia
Todos os públicos
Gratuíta, ata completar capacidade



De 21:00 a 00:00

NAVEGAR BAIXO AS ESTRELAS

Como fixeron os grandes exploradores do pasado, as persoas que participen nesta actividade empregarán un cuadrante náutico para guiarse na escuridade da noite e navegar en veleiro desde A Coruña.

Peirao do Parrote, s/n (próximo a Nemo Bar)
Maiores de 15 anos (menores acompañados dun adulto)
Gratuíta. Sigue as nosas redes

SÁBADO 17 SET.



De 10:00 a 14:00

A VELA POLO GOLFO ÁRTABRO

Descubre o litoral da Mariña coruñesa, reserva da biosfera, a bordo dun veleiro. Coñeceremos a incrible biodiversidade do litoral ártabro e gozaremos dunha grande experiencia gastronómica.

- *Peirao do Parrote, s/n (próximo a Nemo Bar)*
- *Maiores de 15 anos (menores acompañados dun adulto)*
- *Gratuíta. Sigue as nosas redes*

De 11:00 a 13:00

PASEOS POLA CIDADE-BARCO. AS PEDRAS DO MAR DA TORRE

Unha rocha no mar, iso é A Coruña, unha cidade-barco. Xurxo Souto, coñecedor de todas as historias mariñeiras da cidade, conduce dous paseos para mergullarse no máis profundo desa conexión.

- *Durmideiras (Farmacia)*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

De 12.30 a 13:30

CHUS LAGO, UNHA AVENTUREIRA GALEGA NO POLO SUR

A primeira española que ascendeu ao Everest sen osíxeno (1999) e a primeira española que chegou á Antártida en solitario e tirando dunha zorra compartirá connosco a súa experiencia no Polo e presentaranos o vídeo de Amundsen, ao que considera o explorador total.

- *DOMUS*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, ata completar capacidade*

De 13:30 a 14:00

PROXECCIÓN: AMUNDSEN, VIAXE AO POLO SUR

Foi o primeiro en pisar o Polo Sur grazas ao seu carácter aventureiro e a unha planificación precisa e certeira. Nesta curtametraxe, realizada durante a súa expedición, veremos en acción ó primeiro equipo que logrou a fazaña de conquistar o punto máis extremo da terra.

- *DOMUS*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, ata completar capacidade*

De 18:00 a 20:00

REMONTANDO MONELOS

Redescubrimos o río da Coruña por excelencia, o Monelos, nun percorrido dramatizado, partindo do mar, polo tramo final do seu curso.

- *Centro de Saúde Casa do Mar, Ramón y Cajal, 2*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, logo de inscribirse*

De 19:00 a 20:00

O DESAFÍO ESPAÑOL NA ANTÁRTIDA

Cada ano, un destacamento do exército de terra e un equipo de científicos do CSIC instálanse na Antártida co obxectivo de ampliar o coñecemento do mar. Os relatores falarannos da importancia destas campañas e de como é a vida no lugar máis inhóspito da Terra.

- *DOMUS*
- *Todos os públicos*
- *Gratuíta, ata completar capacidade*

DOMINGO 18 SET.



De 10:00 a 13:00

III GRAN LIMPEZA DE FONDOS MARIÑOS

Decenas de mergulladores e voluntarios danse cita nesta espectacular acción civil para limpar unha zona emblemática da cidade, a contorna do Castelo de Santo Antón.

Castelo de Santo Antón
Todos os públicos
Libre

De 11:00 a 13:00

PASEOS POLA CIDADE-BARCO. TRAS DAS PEGADAS DO GREMIO DE MAREANTES

Unha rocha no mar, iso é A Coruña, unha cidade-barco. Xurxo Souto, coñecedor de todas as historias mariñeiras da cidade, conduce dous paseos para mergullarse no máis profundo desa conexión.

Pórtico de San Andrés (igrexa castrense)
Todos os públicos
Gratuíta, logo de inscribirse

De 11:30 a 13:15

PROXECCIÓN: MAIDEN

Con 24 anos, Tracy Edwards liderou a primeira tripulación feminina da historia para competir na quinta edición da volta ao mundo a vela a bordo do Maiden.
Ninguén apostaba por elas pero foi a verdadeira sorpresa desa edición.

DOMUS
Todos os públicos
Gratuíta, ata completar capacidade

De 18:00 a 19:00

GÁDOR MUNTANER. BAILANDO CON QUENLLAS

Erudita e defensora das quenllas, explicaranos a importancia vital que teñen estes depredadores no ecosistema mariño e como se relaciona con eles cando está baixo a auga.

DOMUS
Todos os públicos
Gratuíta, ata completar capacidade

FESTIVAL mar de mares

OUTRAS ACTIVIDADES

Sábado 17 setembro de 11:30 a 22:00
Domingo 18 setembro de 11:00 a 21:30

MERCADO E FESTA DO MAR

Con moito amor e respecto polo océano, así son os produtos mariñeiros que poderás degustar e comprar no noso Mercado e Festa do Mar. Sexa marisco, conservas, artesanía, deseño ou propostas para gozar do mar.
Un completo programa de actividades con showcookings, obradoiros, presentacións de libros, actividades para os nenos e nenas, e moito máis.
Todo o sabor e a riqueza do mar.

Además, poderás festexar o mar como o merece ao ritmo dos concertos do escenario principal.
Consulta o programa completo na web **mercadoefestadomar.org**

Parrote
Todos os públicos
Gratuíta



Do 15 de setembro ao 16 de outubro

UN LUGAR FRÍO E SOLITARIO. AS VIAXES DE SCOTT E SHACKLETON AO POLO SUR

A abraiante beleza das paisaxes polares contrasta coas imaxes das duras condicións de vida das expedicións de Scott (1912) e Shackleton (1915) ao Polo Sur. A pesar de non lograr o seu obxectivo, as dificultades polas que pasaron e os coñecementos científicos que achegaron sobre a Antártida convertéronos en auténticos heroes.

Por primeira vez en España, veremos imaxes das dúas expedicións.

Dársena da Mariña
Todos os públicos
Gratuíta

ACTIVIDADES PARA **ESTUDANTES**

11 outubro de 11:00 a 13:00

VISITA INTERMAREAL E ENCONTRO INSPIRADOR IEO

Unha oportunidade única para iniciarse no apaixonante mundo das especies mariñas e na profesión de biólogo mariño, da man dos expertos do Centro Oceanográfico de Coruña, a pé de praia.

Estudantes de secundaria, bacharelato e ciclos
Gratuíta, logo de inscribirse

19 de setembro, de 10:00 a 11:00

GÁDOR MUNTANER: COIDAR DAS QUENLLAS, UNHA PROFESIÓN PARA AS MULLERES DO MAR

A oceanógrafa daralles as claves aos escolares para lanzarse a unha profesión como a súa e contaralles como é o seu día a día coidando e aprendendo das quenllas.

Estudantes de primaria (de 4.º a 6.º curso)
Entrada gratuíta, logo de inscribirse